

PRE-HISTORIA DUN ARQUEÓLOGO

Carlos García Martínez¹

RESUMO:

O autor evoca os comezos do Prof. Dr. Acuña Castroviejo no mundo da Arqueoloxía a través da súa amizade, da aprendizaxe compartida e dos traballos realizados en común.

ABSTRACT:

The author evokes the beginnings of Prof. Dr. Acuña Castroviejo in the world of Archaeology, through their friendship, shared learning, and works in common.

*Amigos, compañeiros, en pé estamos
xa vai pra un ano, os corazóns en roda,
as almas fumegantes como aras
diante da terra nosa.*

Fermín Bouza Brey (1968)²

Pretende ser este texto un persoal achegamento aos comezos e primeiras experiencias no campo da arqueoloxía do Profesor Dr. Fernando Acuña Castroviejo, a personalidade que aquí se honra pola súa contribución ao coñecemento desta disciplina en xeral e particularmente polos seus estudos referidos ao noroeste da península ibérica. Unha particular e amical visión de quen compartiu con este vocacional arqueólogo, (xunto con outros máis), dende o xa lonxincuo ano de 1966, varias xeiras de traballo, que ocuparon non poucos anos, e nas que percorremos treitos abondo do territorio galego na busca de testemuños do primixenio pasado dos seus poboadores. Experiencia da que mantemos, os que naquelas participamos, duradeira lembranza, hoxe avivecida ao congratulármonos con este recoñecemento que se lle dispensa ao noso conmilitión polos seus colegas e amigos de aquí e alén do Miño.

O personaxe centro da nosa atención, ía para biólogo, mais a arqueoloxía venceu esta súa primeira vocación.

Souben de Fernando Acuña Castroviejo polo ano 1966, cando cursaba na Universidade de Santiago o terceiro ano da carreira de Filosofía e Letras, no vello caserón que alberga a Facultade, ergueito ao pé do antigo castro no que principiou a agromar a cidade de Compostela.

¹ Director do Museo do Pobo Galego.

² Estrofa inicial da poesía de F. Bouza Brey "Aos mozos arqueólogos de Galiza en Compostela", dedicada a Fernando Acuña Castroviejo, Xosé Carro Otero, Carlos García Martínez e Xosé M. González Reboredo.

Por aquel ano sería elixido delegado de curso na Asociación Profesional de Estudantes, delegación que conservaría até o ano 1968. Non eran momentos nada favorables para desempeñar os mandados aos que o tal posto obrigaba. Tempos nos que o compromiso político todo o nordeaba, nunha Compostela na que o movemento estudantil, adiantado na loita antifranquista, contribuiría dende abril do 68 e ao largo da década dos anos setenta do pasado século, a activar os ritmos da conquista das liberdades colectivas e mesmo o pulso dos círculos intelectuais. Comezaba a retomarse a andadura democrática violentada polo golpe militar de 1936, e xermolaba a semente deitada nos anos de preguerra, anos dos máis creativos e anovadores que houbo na historia recente de Galicia.

Era o entón aspirante a arqueólogo un mozote baril, de pelo negro ensortellado, pleno de vitalidade, un chisco adusto, mais só en aparencia, esforzado e tenaz no traballo de campo, o que lle acaía a medida para a práctica arqueolóxica, así como incansable andarego que non lle volvía as costas ás abas máis costentas, nin ás valgadas máis profundas. Tan animoso como terque, nel podía recoñecerse o padrón do arqueólogo vocacional. Tiña xa por entón un certo ar de fidalgo, que co pasar do tempo foise virando máis ostensible. De exercer como tal e precisar dunha divisa que o acreditase, seríanlle apropiados os versos (1972) de Fermín Bouza Brey, seu primeiro mestre, dos que el tanto gusta: *É por unha cultura que se loita./ por unha lingua en fror que se combate./ por ter o espírito ceibe é a nosa coita/ que ha ter o seu remate.*

Pero volvamos ao troco vocacional do noso amigo. Que foi o que o impeleu a transitar dende a bioloxía cara á arqueoloxía?. Poida que a súa contorna familiar tivera algo que ver, e en particular o seu avó materno, D. Ricardo Blanco Cicerón (1844-1926), arquetipo do coleccionista na súa acepción máis próxima á daqueles anticuarios, que foron sinónimo de arqueólogos, preocupados non só pola colectánea do obxecto, *recadalo*, senón tamén por *conservalo*, mesmo, en moitos casos, por *estudalo* e, ao fin *amosalo*. Espléndida colección a que logrou reunir, tanto no relativo a materiais arqueolóxicos –a salientar o soberbio fondo de xoiaría prerromana, certamente o mellor repertorio desta singular faciana da nosa pre e protohistoria– como artísticos, arquivísticos, documentais e fotográficos, así como unha gornecida biblioteca. Avezado e recoñecido coleccionista, Blanco Cicerón mantivo relacións con distinguidos colegas e eruditos europeos; relación reflectida na correspondencia que se conserva. Non sería, pois, estraño que a proximidade e a vista daquelas coleccións de arte e arqueoloxía axudasen a conformar, nalgunha medida, a vocación do noso autor.

Pronto tomaría contacto con algúns outros universitarios aos que unía unha común afección polo mundo antigo e a arqueoloxía. Afección que se habería afirmar cando a revolución de maio do 68, aquel grande abalo asembleario estudantil, insurxente e anovador, que supuxo un punto de inflexión fronte dos valores dunha sociedade apreixada por manidos convencionalismos, que precisaba de inminentes transformacións. Santiago e a súa universidade vivirían en abril do 68 o seu particular movemento, que propiciaría as primeiras mudanzas no ámbito universitario e por extensión na sociedade civil. En Galicia o movemento manifestouse, como non, en favor tamén das linguas e das identidades culturais, minoradas nos estados plurinacionais. Actitude que amparaba unha meirande atención ao coñecemento da realidade histórica e sociocultural do país, que levou a alentar o interese nalgúns sectores do alumnado universitario polo seu estudo. E a esta corrente nos sumamos algúns.

Aquel grupiño de apaixonados pola arqueoloxía realizáramos unha primeira incursión, ou máis apropiadamente intrusión, neste mundo do pasado no ano 1966. Nela estivemos, Gerardo Pereira Menaut, Fernando Acuña, Mauro Fernández Rodríguez (hoxe catedrático de Lingüística da Universidade de A Coruña) e quen isto escribe. Consistiu nunha pequena sondaxe nos restos dun castelo ergueito a mediados do século XIII, nomeado da Rocha Forte, nas inmediacións de Santiago, pertencente á Mitra compostelá, residencia en orixe dos seus bispos e que en 1466 fora asediado e derramado polos irmandiños. Pasados anos o Profesor Acuña –unha volta ás orixes– e a Profesora Casal García, acometerían nel sistemáticas escavacións que amosaron un relevante complexo defensivo, de cumprida fortificación e interesante arquitectura.

En novembro do mesmo ano emprendemos, un pouco ás toas, a escavación dun pequeno grupo de túmulos megalíticos, emprazados na periferia de Santiago nun lugar coñecido como Montouto, labor que continuou ao longo dos primeiros meses do ano 1967. Nesta primeira escavación arqueolóxica, participamos Xosé M. González Reboredo, Gerardo Pereira Menaut, Fernando Acuña Castroviejo, Blanca Caamaño, Basilio Deibe e o que subscribe.

Mais aqueles afáns e iniciais vocacións por saber da arqueoloxía e das culturas prehistóricas en Galicia, reclamaban coñecementos, método e rigor, para enfrontar o seu estudo.

Desafortunadamente á altura daqueles anos, 1966-1968, o estudo da Arqueoloxía na Universidade compostelá achábase abondo desasistido, figurando esta disciplina agregada á cátedra de “Historia Antigua y Media de España”, que tamén acumulaba “Historia Moderna e Contemporánea de España”. Como materia non diferenciada por entón da Historia, o seu ensino non pasaba mormente dun circunstancial coñecemento, sen actividade de seu. Tampouco era moito o amparo que se podía tirar da bibliografía arqueolóxica existente na biblioteca da Facultade de Filosofía e Letras. Situación que en liñas xerais manteríase até 1968.

O noso autor publicou non hai moito, *O ensino da Arqueoloxía na Galiza entre o franquismo e hoxe*, (Rev. da Facultade de Letras, da Universidade de Porto, 2014), no que se presenta nidia a situación e evolución da súa ensinanza e investigación no tempo que enmarca o título. Un proceso temporal que nos debuxa un panorama, que o noso autor cualifica de desolador, no que a frustración non deixa de estar presente. Frustración por canto dos catedráticos, vinculados coa Arqueoloxía ou a Prehistoria, que solicitaron a praza á que estaba agregada a disciplina na Universidade compostelá, uns estarían pouco tempo, como Lluís Pericot (1926-1927) ou Alberto del Castillo Yurrita (1931-1932) –este profesor, discípulo de Bosch Gimpera, na súa curta estadía chegou a ingresar no Seminario de Estudos Galegos e apoiou as reivindicacións dos universitarios galeguistas, o que lle custou ser depurado polo franquismo–, e outros nin sequera chegaron a tomar posesión, así os casos de Martínez Santa Olalla ou Almagro Basch. Mesmo en 1945 quedaría deserta a convocatoria dunha praza de Prehistoria e Historia Universal de las Edades Antigua y Media.

En 1955 Carlos Alonso del Real accede á cátedra de Prehistoria e Historia Universal Antigua y Media y de Historia General de la Cultura –en 1967 a titulación quedará en Prehistoria e Etnografía–, cátedra que, como apunta o noso autor no artigo arriba citado, non se caracterizou polo seu traballo arqueolóxico, agás algunha intervención no castro de Fazouro, en Foz, ou a participación na escavación duns túmulos megalíticos no Morrazo con Ramón Sobrino Lorenzo-Ruza.

Con todo, houbo tamén momentos de especial relevo no que fai ao coñecemento da Prehistoria e da Arqueoloxía en Galicia. Así a viaxe que realiza en 1922 o Profesor Hugo Obermaier, Catedrático de Historia Primitiva del Hombre da Universidade de Madrid, na que impartirá unha serie de conferencias en diversas cidades galegas, cuxa publicación constitúe unha primeira, e necesaria, síntese da prehistoria galega; ou a estadía de Lluís Pericot en 1926-1927, rexentando a cátedra de Historia Antigua y Media de España da Universidade de Santiago, quen terá relación co Seminario de Estudos Galegos e moi especialmente con López Cuevillas; ambos os dous escavarán no Castro de Troña, publicando os resultados, e o primeiro dedicará unha monografía ao estudo dos vasos campaniformes da colección La Iglesia achados nas Pontes de García Rodríguez. O traslado de Pericot en 1927 e o de Castillo Yurrita en 1932, fai que a investigación arqueolóxica quede fundamentalmente nas mans do Seminario de Estudos Galegos (SEG), do que tamén forma parte Sebastián González García Paz, profesor da Facultade de Filosofía e Letras da USC, e que estaba chamado a desempeñar un especial papel no ensino e investigación da arqueoloxía en Galicia, que a guerra estragará ao ter que exiliarse o mencionado profesor.

Polos anos cincuenta e sesenta do pasado século o interese da Universidade de Compostela polo estudo da realidade galega era moi limitado e a dinámica sociocultural que se estaba a xerar en sectores intelectuais galeguistas, verbo da análise da nosa personalidade colectiva como pobo, da súa

identidade e da súa cultura apenas resoaba nos ambientes universitarios; e a arqueoloxía non era unha excepción, pois o seu estado seguía a ser do máis precario, ao menos até o ano 1968.

Ende ben contábase dende o ano 1943 co Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, adscrito ao Consejo Superior de Investigaciones Científicas, a través do seu Patronato de Humanidades Menéndez Pelayo, dirixido até a súa morte en 1971 polo Profesor Dr. Francisco Javier Sánchez Cantón. Fora creado polo CSIC como arremedo do histórico SEG, probablemente a institución cultural máis simbólica e transcendente da Galicia do século XX, que sería proscriba polo franquismo en 1936. O Instituto “Padre Sarmiento” aglutinaba o labor arqueolóxico, que realizaban os membros procedentes do extinto Seminario de Estudos Galegos e viña desenvolvendo dende a súa creación un silandeiro pero importante labor historiográfico, no que Fermín Bouza Brey, un dos fundadores do SEG, continuaba a tradición dos estudos arqueolóxicos na liña comezada nos anos vinte do pasado século con López Cuevillas, pai da prehistoria moderna en Galicia. A Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto, continuadora do extraordinario labor realizado pola gobernada por Cuevillas na preguerra, levará a cabo un salientable papel no eido daquelas disciplinas, dende os anos corenta até os anos oitenta do século XX. E nesta institución encontraríamos o lugar apropiado onde encarrear as nosas arelas arqueolóxicas.

Nos primeiros meses de 1967 coñecemos a D. Fermín Bouza Brey, por mediación dun sobriño de seu. Acudimos á súa casa na Rúa do Vilar, en Santiago, o aquí homenaxeado, Xosé M. González Reboredo e quen isto firma. Daquela primeira entrevista, na que lle comentamos os nosos degaros, sairá unha encomenda: por en limpo as referencias e notas da escavación das mámoas do Montouto. Xurdiu presto o consello inequívoco, o enfoque axeitado do traballo, a análise dos datos e a bibliografía adecuada; non fallou nin sequera, a corrección da escrita e do estilo. E aquel inicial artigo apareceu, pola súa intercesión, na revista do Instituto Padre Sarmiento, *Cuadernos de Estudios Gallegos*. Era a nosa primeira publicación.

A proposta de Bouza Brey creábase no seo do Instituto “Padre Sarmiento” en novembro de 1967 un Seminario de Prospeccións Antropolóxicas, Etnográficas e Arqueolóxicas, que logo se incorporará á Sección de Arqueoloxía e Prehistoria que dirixira até a súa morte en 1958, o seu grande amigo e compañeiro, Florentino López Cuevillas, e a partir dese ano o propio Bouza Brey. Sección que habería converterse nunha das máis dinámicas e anovadoras da institución.

Da man do noso valedor ingresamos na mencionada Sección cara a finais do ano 1967, Xosé Carro Otero –antropólogo físico e arqueólogo–, Fernando Acuña, Xosé Manuel González Reboredo e quen isto escribe. Novicios con ansia de penetrar no arcano das primeiras culturas do noroeste da península ibérica, tivemos a grande fortuna de coñecer a algúns daqueles intelectuais que conformaran o Seminario de Estudos Galegos, Otero Pedrayo, Xaquín Lorenzo, Fraguas Fraguas, Martínez López, Filgueira Valverde, Carballo Calero –Cuevillas e Risco tiñan xa falecido en 1959 e 1963– e outros máis, Chamoso Lamas, García Álvarez, Taboada Chivite...

Ao tempo que descubríamos por medio da súa palabra a recente memoria histórica do país, da que foran non poucos dos citados protagonistas directos, soubemos do inmenso labor levado a cabo polo Seminario de Estudos Galegos, dende a súa creación en 1923 até o seu imposto pechamento pola ditadura franquista en 1936. Significados mestres que nos falaron do importante papel que tivera aquela institución no estudo e comprensión, dende unha perspectiva integral, interdisciplinar e colectiva, da formación histórica de Galicia, deseñando por vez primeira un proxecto para o seu coñecemento científico. Unha tarefa que de par da pescuda da identidade galega, significouse polo compromiso cívico dos seus membros e o carácter militante da súa obra. E aínda nos fixeron comprender o porqué do seu sacrificio e da represión que moitos deles padeceron pola man irada dun réxime ditatorial, aturando uns o amargor do exilio, outros, o non menos acedo do exilio interior e non poucos a morte asañada.

O Dr. Bouza Brey porfiaba en manter a actividade da Sección no suco polo que a guiara López Cuevillas, procurando recuperar a súa acción, na que de par da atención aos contidos teóricos, impres-

cindibles para a actualización e avance no estudo daquelas disciplinas, fomentábase o labor de equipo e o traballo de campo.

Con esa directriz comezouse a preparar en reunións semanais un programa de actuación que se enceta coa recollida pormenorizada de bibliografía de prehistoria, arqueoloxía e antropoloxía, seguindo o patrón, actualizado, do publicado polos autores arriba citados, na revista *NÓS*, en 1927; a realización de catalogacións, prospeccións e escavacións do patrimonio arqueolóxico e preparación dalgún estudo interdisciplinario de comarcas coa intención de proseguir o modelo de tarefa colectiva de anteguerra que fixo posible singulares traballos de campo, uns como os do Ribeiro, Deza ou Fisterra, dos que só saíron do prelo algúns traballos parciais, ou as magníficas monografías como Parroquia de Velle, Vila de Calvos de Randín ou Terra de Melide, as tres editadas, constituíndo estudos pioneiros para os anos nos que se levaron a cabo (entre 1930 e 1933) e nos que salientan as achegas nos campos da prehistoria, arqueoloxía e etnografía, cuxo coñecemento era indispensable para alumar as orixes da formación histórica de Galicia.

Nos seguintes anos fóronse incorporando á Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto Padre Sarmiento, Vázquez Varela, Arias Vilas, Fariña Busto, Romero Masiá, Ramil Soneira, Sierra Rodríguez, Calo Lourido, Caamaño Gesto, Rodríguez Casal, ...

Entendía Bouza Brey que o traballo arqueolóxico, tiña tamén que indagar no contexto, procurar o coñecemento do lugar e a contorna na que se radicaba o obxecto de estudo. Nos traballos de campo, nas xuntanzas semanais ou nos parladoiros que celebrabamos nas tascas do casco vello compostelán, esta análise estaba moi presente. Era unha regalía asistir a aquelas leccións maxistras, nas que a arqueoloxía se enfiaba na súa conversa enriquecedora, coa arte, a lingüística, a toponimia, a etnografía, a historia. A explicación dun xacemento ou unha xeira, era aproveitada para esculcar noutros aspectos culturais. Como nos ilustrados do XVIII, nada era alleo á súa atención. O entorno xeográfico, o lugar e a parroquia, a traza das igrexas rurais, a feitura e iconografía dos retablos, a orixinal e integrada arquitectura popular, a conversa demorada co campesiño na busca dun costume, lenda ou refrán, do cantar do pobo, o epígrafe dun cruceiro ou a escudriña no antigo arquivo parroquial, selado pola poeira do tempo. Nin sequera faltaba a análise precisa de plantas e árbores, da utilización da medicina popular: as propiedades da *digitalis purpurea*, das rutáceas ou da cortiza do bidueiro.

E así foi unha continua lección dende as terras de Compostela, deica as irtas penedías do Buriz, e no medio, Lampai, Bexo, O Grove, Roupas, Barbanza, Terra de Montes... O profesor Acuña, como membro da Sección de Arqueoloxía e Prehistoria do Instituto de Estudos Gallegos "Padre Sarmiento", habería participar en non poucas das prospeccións, catalogacións e escavacións realizadas. Entre elas podemos citar a catalogación arqueolóxica da comarca de Santiago (1968); o estudo monográfico das terras do Incio, Lugo, (1968), a escavación dos Modorros de San Pedro, Lugo (1968); a escavación da necrópole megalítica de Bexo, Rianxo (1969); a prospección da necrópole megalítica de Lampai, Teo, A Coruña (1970); a escavación da necrópole galaico-romana de Adro-Vello, O Grove, Pontevedra (1971); ou o estudo monográfico da Terra de Montes, Pontevedra (1973-1975).

Bouza Brey mantiña contactos con institucións e investigadores que traballaban no eido da prehistoria e arqueoloxía en España, Portugal e outros países europeos, Italia, Francia, Gran Bretaña ou Irlanda. Nas reunións periódicas que celebraba a Sección daba conta das novidades que se producían naquelas materias, que lle chegaban a través dos intercambios que tiña con colegas dos mencionados ou doutros países. Insistía na conveniencia de concorrer a congresos e encontros científicos e de establecer relacións con investigadores, aspectos que entendía convenientes para a formación e a investigación. O seu nome era referencia para os investigadores foráneos, a quen recorrían na procura de información encol da arqueoloxía galega. Por el coñecemos a significados arqueólogos dos que sabemos polas súas publicacións, o que deu pé para colaborar en programas de investigación que algúns daqueles realizaron en Galicia. Estas relacións, con prehistoriadores e arqueólogos, portugueses, españois e doutros países europeos, permitíronlle incorporar á súa biblioteca unha especializada bibliografía nos campos da antropoloxía, prehistoria e arqueoloxía, en momentos, como xa se indicou, nos que o estudo

e investigación destas materias na Universidade de Santiago tiñan escaso predicamento, e escasos eran os medios bibliográficos dispoñibles. A súa biblioteca persoal foi de especial utilidade polos anos centrais do século XX, estando a disposición dos investigadores nuns momentos nos que a penuria bibliográfica referente a aquelas materias era mais que manifesta.

O Profesor Acuña ten cualificado, con evidentes argumentos, ao ano 1968 como fundamental para o ensino e a investigación da arqueoloxía en Galicia. Até entón, como se deixou dito, o papel desenvolvido pola Universidade verbo desta disciplina foi máis ben cativo. Naquel ano chega a Santiago o Profesor Dr. Alberto Balil Illana para facerse cargo da primeira praza, que se dotaba na Universidade de Santiago dedicada a ela. Transcorreran nada menos que cincuenta anos dende a creación no seo da Facultade de Filosofía e Letras da sección de Historia. Será certamente unha data clave que inicia un período de plenitude para aquela especialidade. O Profesor Balil concibe e crea a máis o Seminario de Arqueoloxía, introducindo novas metodoloxías no ensino e na investigación. O resultado non se fai de agardar: configúrase unha escola que de inmediato comeza a ter presenza en distintos foros, con discípulos de sólida formación; prográmanse interesantes escavacións; edítanse publicacións que permiten os intercambios, que xunto cunha hábil política de relacións, irán constituíndo unha especializada biblioteca, etc. En todo este labor terá o noso homenaxeado transcendental papel.

Infelizmente o Prof. Balil deixa a Universidade de Santiago no ano 1972, trasladándose á de Valladolid; a causa, a negativa –inducida por algúns claustrais inmobiliarias– a dotar a anhelada e ben merecida cátedra de Arqueoloxía. Malográbase así, xa que logo, unha magnífica oportunidade para asentar dunha vez a investigación desta materia en Galicia. De novo prevalecía a frustración.

Por fin no ano 1980 créase a cátedra de Arqueoloxía na Universidade compostelá. Será o seu primeiro titular o Profesor Dr. José M^a Luzón Nogué, que xa estivera en Santiago como Profesor Agregado de 1976 a 1979 –impulsor, entre outras accións, do interesante traballo de campo realizado no Caurel en 1977–, que rexenta a cátedra até 1983, ano no que se traslada a Madrid.

En 1987, e previas oposicións, faise cargo da cátedra o Profesor Dr. Fernando Acuña Castroviejo, que a desempeña até a súa xubilación neste ano 2015. Será o derradeiro catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Santiago, por canto coa xubilación do seu titular, a cátedra amortízase. Non foron certamente moitos os anos que esta perdurou e, outra volta, a frustración acabará gañando a partida.

Pon fin o noso amigo coa súa *lubilatio* a unha transcendente etapa da súa vida, consagrada á investigación e docencia da Arqueoloxía e disciplinas afíns, na Universidade de Santiago. A fría normativa burocrática así o dispón. Incorporarase agora a esa categoría de Catedráticos *ad Honorem* que lle dan lustre a toda Universidade. Mais o Profesor Acuña, e creo que con todo merecemento, debe seguir a exercer o seu maxisterio; non calquera maxisterio, senón o que mellor lle acae e corresponde como un dos Petrucios da Arqueoloxía galega.

Sempre gustou de dicir que fora un home privilexiado. E isto en razón de ter coñecido e colaborado con distinguidos persoeiros que viviron por e para Galicia, reivindicando a súa personalidade colectiva de pobo; que estudaron con habelencia o seu país, as súas xentes, o seu decorrer histórico e defenderon a súa identidade comunal; e de por parte exerceron de mestres gratuítos, que con evidente satisfacción ensinaron e compartiron os seus saberes e experiencias cos que tivemos a ventura de coñecerlos. Honra ao noso homenaxeado esta súa gratitude.

Non quixera pasar por alto a dedicación e entrega a Galicia do Profesor Acuña Castroviejo, que vai máis alá do estritamente profesoral, do seu labor no eido da arqueoloxía e da investigación do pasado histórico de noso. Como cidadán consecuente é notorio o seu compromiso con Galicia como realidade sociopolítica e con toda manifestación no ámbito da cultura, participando nas iniciativas que teñan por obxecto un mellor coñecemento da súa definida personalidade colectiva e da súa singular cultura. Nesta dimensión compre citar a súa implicación en diversas institucións, como a creación do Museo do Pobo Galego, do que é Vicepresidente do seu Padroado, a súa pertenza ás Fundacións Castelao e Pedrón de Ouro, á Real Academia Galega ou á Real Academia de Belas Artes, etc.

É o noso homenaxeado un valedor das relacións entre os investigadores portugueses e galegos no eido da arqueoloxía. Unha relación que, nesta e outras materias, asenta nunha dilatada tradición, presente xa no século XIX e que acadou relevo na primeira metade do século XX en particular nos tempos do Seminario de Estudos Galegos (1923-1936), dunha maneira especial nas áreas da arqueoloxía e da etnografía. Da mencionada institución foron socios persoeiros como Leite de Vasconcelhos, Mendes Correia, Serpa Pinto, Alves Pereira, Castro Pires de Lima, Santos Júnior... O Seminario mantería intercambios con universidades, museos e institucións portuguesas como a Faculdade de Ciencias de Porto, Biblioteca Nacional de Lisboa, Sociedade Martíns Sarmiento, Sociedade de Antropología e Etnografía do Porto, Instituto Histórico do Minho... Relacións nas que os intercambios de publicacións e a asistencia a congresos e reunións científicas, cumprían un destacado papel, dando lugar a unha frutífera colaboración institucional, como se desprende da celebración da Semana Cultural Galega de Porto, entre os días 31 de marzo e 6 de abril de 1935, en cuxa organización tivo un importante papel o Seminario de Estudos Galegos e na que interviñeron diversos investigadores e profesores das universidades de Porto e Santiago; semana cultural que tería próxima continuidade nunha Semana Cultural Portuguesa en Galicia, no mes de xullo de 1936, que o alzamento militar de Franco imposibilitou.

Relacións e contactos que proseguiron até o momento actual, se ben con distinta intensidade e segundo épocas. Congresos e reunións científicas, participación en escavacións arqueolóxicas, conferencias, etc. É neste punto é preciso subliñar o importante cometido que desempeñaron no mantemento destas relacións no campo da arqueoloxía, entre o norte de Portugal e Galicia, os Profesores, xa desaparecidos, Carlos Alberto Ferreira de Almeida, quen foi un elo esencial nestas relacións, e Gerardo Pereira Menaut. Cometido que de seguro contará, como até agora, co concurso do Profesor Fernando Acuña Castroviejo.

Conclúo esta persoal e amical semblanza, evocando, con señaardade, a dous homes preclaros, que xa son tempo, e con quen nos uniu fraterna amizade; ambos os dous foron personalidades relevantes e referentes incuestionables para a arqueoloxía e para a historia antiga, o Profesor Dr. Carlos Alberto Ferreira de Almeida e o Profesor Dr. Gerardo Pereira Menaut, falecido este inesperadamente hai escasamente tres meses. Coñecín ao primeiro da man do Dr. Bouza Brey, arredor de 1969, nas terras de Maia; co segundo a amizade comezou xa nos estudos primarios, en Compostela. A pegada do saber profesional de ambos os dous persistirá a través do tempo e o baleiro que as súas mortes nos deixan, ha ser difícil de cubrir. Fica indeleble a súa lembranza. Na memoria perduran con forza os recordos de congresos e encontros ou das visitas a xacementos arqueolóxicos, que fixemos cos citados e con Teresa Soeiro, Fernando Acuña e Francisco Calo, gozando da hospitalidade do Portugal amigo, hoxe para algún de nós un Portugal de todas as nostalxias.

